

### **III CERTAME DE NARRATIVA XUVENIL “ENTRE IGUAIS”**

Dentro das actuacións dos Plans de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes do Concello de Lugo, co obxecto de promover o valor da igualdade entre mulleres e homes, o Concello de Lugo convoca o **III CERTAME DE NARRATIVA XUVENIL “ENTRE IGUAIS”** de acordo coas seguintes **BASES**:

**1.- PARTICIPANTES.** Rapazas e rapaces con idades comprendidas entre os 12 e os 18 anos.

**2.- PRESENTACIÓN.** Os traballos serán inéditos, escritos en lingua galega. O tema será libre, baseado en calquera aspecto relacionado coa igualdade entre mulleres e homes: o reparto das tarefas do fogar, o coidado das persoas, o acceso ao traballo, etc. A extensión máxima será de cinco folios. Presentaranse por triplicado. Os traballos enviaranse sen remite e, baixo lema, indicando no sobre **III CERTAME DE NARRATIVA XUVENIL “ENTRE IGUAIS”**. Nun sobre pechado e baixo o mesmo lema, indicaranse o nome e apelidos, enderezo, idade e teléfono da autora ou do autor.

**3.- NÚMERO DE TRABALLOS.** Cada participante poderá presentar un máximo de tres, dos que só un poderá ser premiado.

**4.- PRAZO DE PRESENTACIÓN.** Os traballos serán enviados á Casa da Muller, avda. da Coruña, 212 (parque da Milagrosa), 27003 Lugo, ata o día 1 de marzo de 2012.

#### **5.- PREMIOS.-**

Establécense dúas categorías.

##### **CATEGORÍA DE 12 A 14 ANOS**

1º PREMIO. Diploma e premio valorado en 200 €.

2º PREMIO. Diploma e premio valorado en 100 €.

3º PREMIO. Diploma e premio valorado en 60 €.

##### **CATEGORÍA DE 15 A 18 ANOS**

1º PREMIO. Diploma e premio valorado en 250 €.

2º PREMIO. Diploma e premio valorado en 150 €.

3º PREMIO. Diploma e premio valorado en 100 €.

No caso de que a xuízo do xurado os traballos non tivesen a suficiente calidade, contéplase a posibilidade de deixar un ou varios premios desertos.

#### **6.-XURADO.-** Estará integrado por:

A Concelleira de Benestar Social e Igualdade.

Unha ou un representante do Foro de Participación Cidadá en materia de Igualdade do Concello de Lugo.

Unha técnica ou un técnico da Casa da Muller.

Unha escritora ou escritor.

**7.- RESOLUCIÓN.-** A resolución do xurado, que se comunicará con antelación ás persoas gañadoras, farase pública no mes de marzo de 2012.

**8.- ENTREGA DE PREMIOS.-** Os premios serán entregados no transcurso dun acto que se anunciará oportunamente, coincidindo coa celebración do 8 de marzo: “Día Internacional das Mulleres”.

**9.- PROPIEDAD DOS TRABALLOS.** Os traballos premiados quedarán a dispor do Concello de Lugo, que poderá publicalos ou facer o uso deles que estime conveniente.

**10.- DEVOLUCIÓN DOS TRABALLOS NON PREMIADOS.** Os traballos non premiados poderán ser retirados até o día 31 de maio de 2012.

**11.- ACEPTACIÓN DAS BASES.-** A participación no certame supón a aceptación total das súas bases e a decisión do xurado.

Para solicitar as bases ou máis información, poden dirixirse á Casa da Muller ou no teléfono 982 297 412. Tamén, a través do correo electrónico: [casadamuller@concellodelugo.org](mailto:casadamuller@concellodelugo.org)

Lugo, xaneiro de 2012